

MANIFESTO DO COMITÉ ORGANIZADOR DO CENTENARIO DO TREN BETANZOS-FERROL

Reunidos en Cabanas no día de hoxe, 10 de febreiro de 2010, os e as representantes dos concellos polos que pasa a liña de Tren Betanzos-Ferrol: Betanzos, Paderne, Miño, Pontedeume, Cabanas, Mugardos, Fene, Neda, Narón e Ferrol, xunto coa Asociación Ferrolterra de Amigos del Ferrocarril, a os que se unen outras institucións e persoas, declaran no seguinte manifesto:

A implantación do tren, fai case un século, inaugurado o 5 de maio de 1913, significou para esta zona un fundamental impulso na súa vida cotiá, na súa economía, no seu desenvolvemento social e cultural, que se deixou sentir ao longo de moito tempo. Cada un dos municipios polos que pasa a vía, en particular aqueles nos que se levantou unha estación, viron como melloraba a vida da súa poboación en todos os aspectos. Naquel momento, para o común das xentes non había outro medio de transporte máis económico, rápido e práctico. As persoas e as mercadorías puideron chegar a os seus destinos sen demora.

Pola contra, o deterioro ou diminución do servizo deste tren, nos últimos anos, fíxose notar no incremento do transporte por estradas, co conseguinte aumento da contaminación, o colapso do tráfico, as demoras nas chegadas e o encarecemento dos custes.

Nos últimos anos, as menores frecuencias do paso do tren, a peor calidade do servizo e a inadecuación nos horarios provocaron que os viaxeiros e viaxeiras lle deran as costas a este transporte. De tal xeito é un circulo vicioso, pois a menor utilización trae consigo un desinterese da administración no mantemento deste servizo.

Con motivo de cumprirse o 5 de maio do ano 2013 o centenario da inauguración desta liña de ferrocarril, os aquí reunidos queremos celebrar, desde agora e ata aquela data, este século de servizo útil á sociedade e, ó mesmo tempo, reivindicar as melloras necesarias para darlle nova vida ao ferrocarril das nosas comarcas.

Para elo convocamos a toda a sociedade, ás diversas administracións e a todas as institucións e persoas interesadas en recuperar este ben patrimonial do noso pobo. Elaboraremos un plano de actividades festivas, culturais e reivindicativas a desenvolver nos vindeiros tres anos.

Queremos facer un chamamento a todos estos sectores anteriormente nomeados a que se integren con nós neste comité para preparar dignamente este aniversario. Convocamos a todos e todas a participar nas diversas actividades que este comité preparará a partir de hoxe e ata dentro de tres anos cando se redondea o século de funcionamento deste ferrocarril.